

## NOTA INFORMATIVA

1.- A Consellería vén de convocar a Orde que recolle as **axudas para adquirir libros de texto** en 1º e 2º de educación primaria, a **participación no fondo solidario** de libros de texto do alumnado matriculado en 3º, 4º, 5º e 6º de EP e as **axudas para adquirir material escolar** destinadas a TODO o alumnado matriculado en EP.

2. A contía da axuda para adquirir libros de texto de 1º e 2º de EP será a seguinte:

a) Para o alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros: 170 euros.

b) Para o alumnado con renda per cápita familiar superior a 5.400 euros e igual ou inferior a 9.000 euros: 90 euros

3. A contía da axuda para adquirir material escolar destinado a alumnado matriculado en EP, con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros será de 50 euros.

A renda per cápita da unidade familiar é a correspondente ao exercicio fiscal 2014 (computarán por dous os membros que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33 % ou a percepción dunha pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas).

### PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

A solicitude será única para todos os fillos. Deberá estar asinada polo pai, nai, titor/a ou representante legal do alumnado. Pode descargarse no enlace <http://www.edu.xunta.es> , ou pedila no colexio.

**O prazo rematará o día 23 de xuño** de 2016 (este incluído).

### **Devolución dos libros de texto do curso 2015/16**

Ao rematar o curso 2015/16, o alumnado beneficiario de libros de texto deberá devolvelos ao centro para a súa incorporación ao fondo solidario para o curso 2016/17. **O prazo máximo para devolvelos será o 23 de xuño** de 2016.